

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Artigo 3. Definicións.

Artigo 4. Principios de actuación en materia de bibliotecas.

TÍTULO II. DO SISTEMA GALEGO DE BIBLIOTECAS.

Artigo 5. Definición do sistema galego de bibliotecas.

Artigo 6. Obrigas das bibliotecas integradas no sistema.

Artigo 7. Órgano de dirección e coordinación.

Artigo 8. Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.

Artigo 9. Funcións do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.

Artigo 10. A Biblioteca de Galicia.

TÍTULO III. DA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA.

Capítulo I. Definición e estrutura da rede.

Artigo 11. Definición da rede

Artigo 12. Estrutura da rede.

Artigo 13. Bibliotecas centrais territoriais.

Artigo 14. Bibliotecas centrais municipais.

Artigo 15. Bibliotecas de proximidade.

Artigo 16. Servizos bibliotecarios móbiles.

Capítulo II. Rexime de prestación dos servizos bibliotecarios.

Artigo 17. Definición das bibliotecas públicas integradas na rede.

Artigo 18. Funcións das bibliotecas públicas.

Artigo 19. Obrigas dos titulares das bibliotecas públicas.

Artigo 20. Réxime dos fondos bibliográficos.

Artigo 21. Dereitos e obrigas dos usuarios e usuarios do servizo bibliotecario público.

Artigo 22. Normalización técnica.

Artigo 23. Rexistro de bibliotecas e obriga estatística.

Artigo 24. Inspección da rede de bibliotecas de Galicia.

Artigo 25. Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Artigo 26. Réxime xurídico dos bens inmóbeis destinados a biblioteca pública.

Artigo 27. Dotación e selección do persoal ao servizo das bibliotecas da Rede.

TÍTULO IV. DAS BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS, ESCOLARES E ESPECIALIZADAS.

- Artigo 28. Bibliotecas universitarias.
- Artigo 29. Bibliotecas escolares.
- Artigo 30. Bibliotecas especializadas

TÍTULO V. DO PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO DE GALICIA.

- Artigo 31. Definición do patrimonio bibliográfico de Galicia.
- Artigo 32. Réxime xurídico.
- Artigo 33. Adquisición pública de patrimonio bibliográfico.
- Artigo 34. Depósitos.
- Artigo 35. Doazóns e legados.
- Artigo 36. Saída de obras do patrimonio bibliográfico.
- Artigo 37. Da restauración e dixitalización do patrimonio bibliográfico.

TÍTULO VI. REXIME SANCIONADOR.

- Artigo 38. Establecemento dun réxime sancionador

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

- Disposición adicional primeira. Dereitos derivados da propiedade intelectual.
- Disposición adicional segunda. Patrimonio bibliográfico da Igrexa Católica.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

DISPOSICIÓN DERROGATORIAS

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As bibliotecas constitúen servizos culturais e informativos da máxima relevancia para unha sociedade avanzada. A través deles se posibilita o cumprimento de importantes mandatos constitucionais, como son o acceso de todos e todas á cultura, nos termos previstos no artigo 44 da Constitución, a participación dos cidadáns na vida cultural (artigo 9.2, reiterado polo artigo 4 do noso Estatuto de Autonomía) e a conservación e promoción do patrimonio cultural do pobo galego de acordo co artigo 46 da Constitución (artigo 46 da Constitución), do que o patrimonio bibliográfico fai parte.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 32 que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. O artigo 27.18 do Estatuto atribúelle á nosa Comunidade a competencia exclusiva sobre as bibliotecas de interese da nosa Comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.28 da Constitución española.

Para satisfacer estes mandatos constitucionais e estatutarios, o Parlamento de Galicia aprobou no seu día a Lei 14/1989, do 11 de outubro, de Bibliotecas, que por vez primeira regulou o sistema bibliotecario galego cunha vontade de coherencia e sistematización das políticas públicas en materia de bibliotecas de Galicia. Poucos meses despois, a Comunidade Autónoma asumiu a xestión das bibliotecas de titularidade estatal ubicados no País, mercé aos convenios de encomenda de xestión asinados co Goberno central o 5 de decembro de 1989.

A Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia, dedícalle o Título VI integrado polo artigo 75, ao patrimonio bibliográfico. O goberno galego foi desenvolvendo durante os anos noventa unha serie de normas regulamentarias que permitiron desprezar o sistema galego de bibliotecas tal e como hoxe o coñecemos.

Porén, co paso do tempo, e pese ao Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, a regulación legal das nosas bibliotecas foi ficando obsoleta a medida que se produciu toda unha serie de cambios normativos, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Lei galega 17/2006, de 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, así como os aspectos básicos da Lei 10/2007, de 22 de xuño da Lectura, do Libro e das Bibliotecas, aprobada polas Cortes Xerais, que fai fincapé en determinados mecanismos de cooperación bibliotecaria.

Doutra banda os cambios e tendencias de evolución das bibliotecas galegas van alén hoxe, e fan necesaria a elaboración dunha lei que os regule e potencie: a propia

transferencia da xestión das bibliotecas públicas do Estado; a creación e desenvolvemento de novas bibliotecas nos concellos; conveniencia de incorporar o concepto de Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, definido no desenvolvemento normativo posterior á Lei; a creación da Biblioteca de Galicia, co seu papel de institución central do sistema galego de bibliotecas; a necesidade de mellorar os mecanismos de protección e difusión do patrimonio bibliográfico galego; ou a expansión das novas tecnoloxías de acceso á información e á documentación, das que nacen as denominadas bibliotecas dixitais.

A presente lei aborda todos estes aspectos, tratando de dar unha regulación sistemática e xeral que busca respostar aos retos de mellora dos servizos bibliotecarios galegos e do noso patrimonio bibliográfico. A tal efecto estrutúrase en seis títulos, dúas disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O Título I (Disposicións xerais) define o obxecto e ámbito de aplicación da Lei, fornecendo as definicións dos principais conceptos utilizados na mesma. Asimesmo, introdúcense catro principios transversais de actuación no conxunto da materia de bibliotecas.

O Título II (Do sistema galego de bibliotecas) define o conxunto de órganos, medios, redes e servizos bibliotecarios existentes en Galicia que, mediante relacións de cooperación e coordinación, actúan conxuntamente para fornecer servizos bibliotecarios de calidade en beneficio da sociedade galega. Os compoñentes dese sistema son: o órgano de dirección e coordinación; o Consello de Cooperación Bibliotecaria; a Biblioteca de Galicia; as redes de bibliotecas públicas; as bibliotecas universitarias, as bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario, e as bibliotecas especializadas. Por último, forman parte do sistema as bibliotecas de titularidade privada que se teñan integrado na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia mediante orde da Consellaría competente en materia de cultura, ou reciban dos poderes públicos subvencións en cuantía superior á metade do seu orzamento ordinario durante tres anos consecutivos ou cinco alternos.

Especial atención merece neste título o papel outorgado á Biblioteca de Galicia, cabeceira do sistema bibliotecario de Galicia, centro promotor da cultura galega e coordinador para a recuperación, conservación e difusión do patrimonio bibliográfico galego calquer que sexa a súa ubicación. No seu labor ten especial relevancia a recuperación e difusión da produción cultural feita en Galicia e da realizada no idioma galego, en razón do papel que o libro galego, xunto cos diferentes soportes culturais, desempeña na recuperación dos elementos máis profundos e enraizados da nosa cultura. Esta responsabilidade cara á cultura galega é na que a Biblioteca de Galicia debe contar cun papel central e impulsor. Debe ademais ser compartido por todo o sistema bibliotecario, e en especial polas redes ou sistemas de bibliotecas públicas e escolares, en canto que, tal como sinala a Resolución do Parlamento Europeo de 23 de outubro de 1998 sobre o papel das bibliotecas públicas na sociedade moderna, estas institucións “revisten unha especial importancia para manter vivas a lingua, a literatura e a cultura propias”. Asimesmo asume o seu papel representativo do sistema galego de bibliotecas no exterior, especialmente nos eidos nacionais e internacionais.

O Título III aborda en sendos capítulos a definición e estrutura da rede de bibliotecas públicas de Galicia, así como o rexime de prestación dos servizos bibliotecarios. A idea central do primeiro capítulo é a definición dunha tipoloxía triple de bibliotecas, en función dos seus cometidos e o territorio ao que presten servizos: bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas centrais municipais, e bibliotecas de proximidade. As mallas de territorio que non sexan atendidas por estas bibliotecas deberán ser obxecto de atención por servizos bibliotecarios móbiles. Para facilitar unha mellor determinación e concreción dos criterios de calidade da rede elaborárase o Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia, instrumento planificador que se regula no artigo 25 da Lei.

O segundo capítulo adícase a establecer, desde un claro enfoque dos servizos bibliotecarios como servizos públicos, os distintos aspectos específicos do seu rexime xurídico: funcións das bibliotecas da rede, obrigas dos seus titulares, deberes e obrigas dos seus usuarios, rexime dos seus fondos e dos bens inmóbeis que lle dan soporte físico, normalización técnica, habilitación da potestade inspectora, etc. A lei adopta as previsións básicas para adaptar a xestión das bibliotecas públicas galegas ao contexto dixital. A administración electrónica é unha realidade xa ineludíbel para todas as administracións públicas, desde o momento en que a Lei estatal 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como a Recomendación da Comisión Europea de 24 de agosto de 2006 sobre dixitalización e accesibilidade en liña do material cultural e a conservación dixital (2006/585/CE), contemplan prazos e sistemas concretos de incorporación dos sistemas de xestión documental ao ámbito dixital, así como os dereitos dos cidadáns a seren usuarios de tales sistemas e a relacionarse electronicamente coas administracións.

O Título IV adícase as especificidades das bibliotecas universitarias, escolares e especializadas.

O Título V aborda unha regulación propia coa que se trata de potenciar os mecanismos xurídicos de protección e recuperación do patrimonio bibliográfico. O artigo 31 introduce a posibilidade de declarar ben bibliográfico de especial interese para Galicia aquelas obras que, sen chegaren a satisfacer as condicións previstas para a declaración de patrimonio bibliográfico por ministerio da lei, posúan especiais valores que aconsellen a súa protección, ora como ben de interese cultural, ora como ben catalogado. Trátase tamén de potenciar a posta á disposición pública dos bens do patrimonio bibliográfico mediante a adquisición onerosa ou gratuíta, temporal ou definitiva. Asimesmo, a Biblioteca de Galicia asume a función de tutela dos procesos de restauración e dixitalización do patrimonio bibliográfico galego.

O Título VI ocúpase do rexime sancionador, das infraccións e sancións que se establecerá a través das normas de desenvolvemento da presente lei.

As dúas disposicións adicionais abordan, respectivamente, unha trasposición ao dereito autonómico da regulación prevista na lexislación básica estatal sobre a remuneración

dos dereitos de autor no caso do empréstimo bibliotecario, e as obrigas que deberá observar, en todo caso, a Igrexa Católica respecto do patrimonio bibliográfico galego que obre no seu poder.

Dacordo co todo anterior e segundo o previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo no nome de El-Rei a Lei de Bibliotecas.

TÍTULO I.

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

Constitúe o obxecto da presente Lei:

- a) O establecemento das bases e das estruturas fundamentais para a planificación e desenvolvemento do sistema bibliotecario de Galicia.
- b) A regulación da organización, funcionamento, coordinación, avaliación e promoción das bibliotecas de Galicia como servizos culturais que garanten o dereito dos cidadáns galegos a acceder en condicións de igualdade á cultura, a lectura, a información e o coñecemento.
- c) A regulación, defensa e enriquecemento do patrimonio bibliográfico de Galicia.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

A presente lei é de aplicación:

- a) Ás bibliotecas de titularidade pública ou privada que estexan ubicadas en Galicia e presten un servizo público cultural, sen prexuízo das competencias exclusivas do Estado sobre determinados aspectos das bibliotecas de titularidade estatal.
- b) Ás bibliotecas e ás coleccións bibliográficas, públicas ou privadas, que conteñan un fondo de especial valor cultural para Galicia.
- c) Aos restantes titulares do patrimonio bibliográfico galego.

Artigo 3. Definicións.

Aos efectos da presente Lei, enténdese por:

1. *Biblioteca*. Calquera organización, individual ou colectiva, resultante da estruturación de unha ou varias unidades que, a través dos procesos, dos medios técnicos e persoais e dos servizos adecuados, teña como misión a reunión, conservación, organización e difusión de documentos publicados ou creados para a súa difusión en calquera soporte e formato, coa finalidade de facilitar á cidadanía o acceso igualitario á cultura, á información, á investigación, á educación e ao lecer contida neses documentos.

En función da súa titularidade, as bibliotecas galegas poderán ser:

- a) Bibliotecas de titularidade pública: aquelas das que resulte titular as Administracións e demais organismos públicos da Comunidade Autónoma e das súas entidades locais, incluídas as fundacións públicas.

- b) Bibliotecas de titularidade privada: aquelas das que resulte titular calquera persoa física ou xurídica de dereito privado.

En función do seu uso, as bibliotecas galegas poderán ser:

- a) Bibliotecas de uso público xeral: son aquelas bibliotecas abertas ao público en xeral, que prestan a toda a comunidade un servizo de lectura e información, sen máis restrición ao uso dos seus fondos e servizos que a que se derive da conservación e preservación dos fondos patrimoniais. As denominadas como “bibliotecas públicas” son sempre de uso público xeral.
 - b) Bibliotecas de uso restrinxido: son aquelas bibliotecas que están ao servizo dunha institución ou grupo determinado de usuarios e usuarias. Terán esta consideración as bibliotecas universitarias, as de centros de ensino e as especializadas nunha materia ou área de coñecemento, agás que os seus titulares voluntariamente non limiten o acceso aos seus fondos.
2. *Fondo bibliográfico*. Conxunto de documentos bibliográficos reunido en función de criterios subxectivos ou de conservación.
 3. *Colección bibliográfica*. Enténdese por colección bibliográfica, para os efectos desta lei, calquer fondo bibliográfico de interese especial que non teña o tratamento biblioteconómico propio das bibliotecas, tal como se establece nesta lei e na normativa de desenvolvemento.
 4. *Sistema de bibliotecas*. O Sistema de Bibliotecas é o conxunto de órganos, medios e servizos bibliotecarios dun ámbito xeográfico concreto que ten por obxecto a prestación ordenada, eficiente e coordinada dunha oferta bibliotecaria diversificada e de calidade aos cidadáns. Un sistema poderá agrupar unha ou varias redes.
 5. *Redes de bibliotecas*. Son grupos coordinados de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, coa fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible aos seus usuarios e usuarias. Unha biblioteca pode facer parte de distintas redes.
 6. *Cooperación bibliotecaria*. Conxunto de políticas establecidas de común acordo entre distintos sistemas, redes ou bibliotecas dependentes das diferentes administracións públicas ou de entidades privadas para planificar, aproveitar e desenvolver servizos bibliotecarios conxuntos.
 7. *Empréstimo bibliotecario*. Enténdese por empréstimo a posta a disposición de orixinais ou copias dunha obra para o seu uso por tempo limitado sen beneficio económico ou comercial directo nin indirecto, sempre que se realice a través de establecementos bibliotecarios accesibles ao público.
 8. *Recursos de información*. Son o conxunto de recursos que a biblioteca pon á disposición dos seus usuarios. Documentos dispoñíbeis na propia biblioteca nos

distintos soportes, ademáis de aqueles aos que a biblioteca lles facilita o acceso mediante o empréstimo interbibliotecario ou mediante os recursos electrónicos en liña.

9. *Fondo documental bibliotecario*. Conxunto de todos os documentos, calquer que sexa o seu soporte, que a biblioteca pon á disposición dos seus usuarios.
10. *Documento bibliográfico*. Documentos publicados ou creados para a súa difusión en calquera soporte e formato, de carácter unitario ou seriado, en calquer tipo de soporte e independentemente da técnica utilizada para a súa creación ou reprodución.

Artigo 4. Principios de actuación en materia de bibliotecas.

1. *Lealdade institucional*. Na aplicación desta lei, os poderes públicos titulares de bibliotecas actuarán conforme aos principios de lealdade institucional, coordinación e colaboración, nos termos previstos no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no resto do ordenamento xurídico.
2. *Igualdade no acceso e diversidade nos contidos culturais*. Asimismo, os poderes públicos galegos facilitarán e fomentarán o acceso regular, gratuíto e continuado de todas as persoas e grupos en que estas se integren á cultura, desenvolvendo políticas bibliotecarias específicas respecto de grupos ou persoas desfavorecidos por razón de raza, lingua, xénero, idade ou discapacidade.
3. *Adaptación ao entorno dixital e multimedia*. Os servizos bibliotecarios poderán ser prestados de maneira presencial ou mediante procedementos telemáticos nos termos previstos na presente Lei. Os poderes públicos galegos impulsarán a dixitalización do material cultural e o seu acceso en liña a través das bibliotecas das que sexan titulares.
4. *Transversalidade das políticas públicas de depósito cultural*. Os poderes públicos galegos titulares de bibliotecas ou coleccións bibliográficas desenvolverán políticas de cooperación e colaboración con arquivos, museos e restantes institucións de depósito cultural de Galicia, para un máis eficaz acceso, uso e difusión dos seus respectivos fondos á cidadanía.

TÍTULO II

DO SISTEMA GALEGO DE BIBLIOTECAS

Artigo 5. Definición do Sistema Galego de Bibliotecas.

1. O Sistema Galego de Bibliotecas é o conxunto de órganos, medios, redes e servizos bibliotecarios existentes en Galicia que, mediante relacións de cooperación e coordinación, actúan conxuntamente para fornecer servizos bibliotecarios de calidade en beneficio da sociedade galega.

2. Integran o Sistema Galego de Bibliotecas:

a) O órgano de dirección e coordinación do Sistema.

b) Os órganos de cooperación, asesoramento e participación.

c) A Biblioteca de Galicia.

d) A rede de bibliotecas públicas de Galicia.

e) As bibliotecas universitarias, as bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario, e as bibliotecas especializadas.

f) As bibliotecas de titularidade privada que se teñan integrado na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia mediante orde da Consellería competente en materia de cultura, ou reciban dos poderes públicos subvencións en cuantía superior á metade do seu orzamento ordinario durante tres anos consecutivos ou cinco alternos.

Artigo 6. Obrigas das bibliotecas integradas no Sistema.

1. Os titulares das bibliotecas integradas no sistema, no ámbito das súas competencias, promoverán un desenvolvemento sostíbel, coherente, innovador e constante dos seus propios servizos bibliotecarios e garantirán o acceso dos cidadáns a un servizo bibliotecario público de calidade nas mellores condicións técnicas posíbeis.

2. Os fondos das bibliotecas integradas no Sistema Galego de Bibliotecas forman unha unidade de xestión ao servizo da sociedade galega. Deberán cumprir, en razón das súas funcións e competencias designadas no Mapa de Bibliotecas e dos acordos de colaboración establecidos polo Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia as normas sobre empréstimo interbibliotecario e de integración catalográfica que se aproben regulamentariamente como mecanismos de mellora da oferta bibliotecaria en todo o territorio galego.

3. Os titulares das bibliotecas integradas no sistema deberán fornecerlle á Xunta de Galicia os datos sobre persoal, fondos, orzamentos, instalacións, equipamentos, servizos e usuarios e aqueles outros que se determinen regulamentariamente, coa finalidade da súa avaliación (no caso daquelas integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia), elaboración estatística e difusión.

4. Asemade, deberán notificar á Biblioteca de Galicia a existencia das obras ou fondos bibliográficos constituíntes do patrimonio bibliográfico galego.

Artigo 7. Órgano de dirección e coordinación.

1. A dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas serán exercidas pola Consellería competente en materia de cultura, a través da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura ou daquela que a substitúa nas súas responsabilidades en materia de bibliotecas.

2. Correspóndelle ao órgano administrativo de dirección e coordinación:

- a) O deseño e planificación da política bibliotecaria da Comunidade Autónoma, así como a definición das súas prioridades. Tramitará, manterá e actualizará a tal efecto o Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia, documento que poderá servir como base para a concreción do diagnóstico, valores, obxectivos, actuacións e prioridades da acción pública en materia de servizos públicos bibliotecarios de Galicia.
- b) A dirección dos servizos bibliotecarios da Xunta de Galicia dependentes da Consellería competente en materia de Cultura ou integrantes da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia
- c) No marco da Lei de Estatística de Galicia e dos plans estatísticos anuais da Xunta de Galicia, fixación dos criterios para a elaboración, tratamento, difusión e posterior uso das operacións estatísticas das bibliotecas de Galicia.
- d) A xestión do rexistro de bibliotecas de Galicia.
- e) O apoio ao acceso ás redes da información, en particular de internet, das bibliotecas do sistema.
- f) Fixar as condicións técnicas das infraestruturas e dos espazos do servizo de biblioteca pública, fixar a política de desenvolvemento da colección, establecer as normas de tratamento técnico e difusión da información e dos fondos, no marco das directrices fixadas pola Biblioteca de Galicia, e garantir a interconectividade técnica e semántica das bibliotecas que integran o Sistema de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- g) A organización e aprobación dos expedientes de creación de novas bibliotecas públicas ou servizos bibliotecarios, segundo o establecido na presente lei, e dos seus regulamentos e concertos.
- h) A organización de cursos de formación permanente de bibliotecarios e bibliotecarias, independentemente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.
- i) Inspección e tramitación dos expedientes sancionadores que procedan ao abeiro da presente Lei.
- j) A adopción de todas as medidas tendentes á protección, conservación, investigación, acrecentamento, fomento e difusión do patrimonio bibliográfico galego, así como de aqueles documentos e fondos bibliográficos, que se parte constituínte do patrimonio bibliográfico podan ser declarados ben de

interese cultural ou bens catalogados, en función da súa relevancia cultural, segundo o artigo 31 da presente lei, independentemente da súa titularidade e ubicación.

- k) A tramitación dos expedientes de recoñecemento da condición de biblioteca privada de especial interese para Galicia.
- l) O impulso, a través do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, da cooperación bibliotecaria entre as bibliotecas e sistemas redes bibliotecarias dependentes das diferentes administracións, ou de bibliotecas privadas sempre que sexan de uso público.
- m) Aprobar a identidade corporativa común da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- n) Coordinar o sistema galego de bibliotecas respecto da adaptación aos cambios tecnolóxicos, sociais e profesionais que afecten aos servizos bibliotecarios.

Artigo 8. Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.

1. O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia é o órgano colexiado consultivo e asesor da Administración autonómica nas materias relacionadas co sistema galego de bibliotecas e para a articulación da cooperación entre as distintas administracións con competencias en materia de bibliotecas.
2. Adscríbese o Consello á Consellaría competente en materia de cultura.
3. A composición e organización do Consello será determinada regulamentariamente, garantíndose en todo caso a participación das administracións competentes e principais institucións relevantes do Sistema Galego de Bibliotecas.

Artigo 9. Funcións do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.

Son funcións do Consello:

- a) Actuar como órgano de información, consulta e asesoramento sobre as políticas bibliotecarias de Galicia.
- b) Propor ao órgano de dirección e coordinación do sistema a adopción de medidas para o mellor cumprimento dos fins do sistema galego de bibliotecas.
- c) Informar sobre a integración das redes de bibliotecas no Sistema Galego de Bibliotecas.
- d) Potenciar e fomentar a cooperación e a participación no Sistema Galego de Bibliotecas.

- e) Informar preceptivamente os proxectos de lei e de disposicións xerais referidas ás bibliotecas, así como o Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- f) Promover e articular a colaboración e coordinación na política bibliotecaria das diferentes institucións con competencias en materia de bibliotecas.

Artigo 10. A Biblioteca de Galicia.

1. A Biblioteca de Galicia é a biblioteca central do Sistema Galego de Bibliotecas, adscrita á Consellaría competente en materia de cultura a través da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura ou daquela que a substitúa nas súas responsabilidades en materia de bibliotecas.
2. As súas funcións son:
 - a) Recoller, conservar, enriquecer e difundir o patrimonio bibliográfico galego, a produción bibliográfica galega e a relacionada co ámbito lingüístico e temático galego. A tal efecto, será o centro directivo competente para coordinar, recibir, xestionar o depósito legal e velar polo seu cumprimento. A tal efecto recibirá alomenos dous exemplares de todas as obras ingresadas en función da normativa de Depósito Legal
 - b) Xestionar unha colección de fondos de soporte ao empréstimo interbibliotecario.
 - c) Favorecer a investigación científica e bibliografía de carácter universal.
 - d) Formar e dar a coñecer unha colección de publicacións de interese pola súa relación con Galicia. Con este obxectivo reunirá, conservará e difundirá a produción realizada fóra de Galicia, referente a ésta ou de especial interese para Galicia.
 - e) Reunir, conservar e difundir as publicacións oficiais das institucións públicas galegas.
 - f) Manter unha política axeitada de depósito, apoio, promoción e coordinación das tarefas de restauración, microfilmación e dixitalización do patrimonio bibliográfico galego de titularidade pública ou privada.
 - g) Elaborar, manter e difundir a bibliografía nacional corrente e retrospectiva de Galicia e o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego.
 - h) Xestionar e facilitar o acceso ás obras duplicadas e procedentes de expurgo das bibliotecas que integran o Sistema Galego de Bibliotecas, segundo os acordos e a normativa establecida a tal efecto
 - i) Constituir a biblioteca dixital galega e actuar como centro de referencia en materia de dixitalización do material cultural. A tal efecto, creará e xestionará un rexistro de obras dixitalizadas en Galicia e un repositorio

de obrigada actualización para todas as entidades e centros que acometan procesos de dixitalización en colaboración coa Xunta de Galicia. Elaborará asimesmo as directrices ou normativas apropiadas sobre dixitalización e procedementos técnicos relacionados para a súa utilización nas bibliotecas galegas, establecéndose ademáis como centro de agregación e acceso a proxectos nacioanis e supranacionais relacionados coa dixitalización e a creación de repositorios de acceso os fondos electrónicos resultantes.

- j) Constituírse en centro de conexión da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia co entorno bibliotecario internacional. Tanto para introdución e desenvolvemento no noso país de iniciativas e proxectos supranacionais como para difusión máis alá de Galicia do noso tesouro bibliográfico e das nosas iniciativas no eido bibliotecario
3. A Biblioteca de Galicia adoptará os medios tecnolóxicos necesarios para facilitar a accesibilidade en liña dos seus recursos, conforme ás recomendacións e criterios normalizados que se establezan a nivel comunitario e estatal.
 4. A Biblioteca de Galicia terá un dereito de preferencia fronte a calquer institución pública ou privada no reasentamento de bibliotecas e no depósito de fondos bibliográficos de interese galego procedentes doutras bibliotecas, públicas ou privadas, ou mesmo de persoas físicas ou xurídicas. Regulamentariamente desenvolveranse os procedementos de exercicio deste dereito de preferencia.
 5. A Biblioteca de Galicia manterá relacións de colaboración e coordinación con outros centros ou organismos que dispoñan de fondos bibliográficos do seu interese ou que teñan obxectivos comúns con ela.

TÍTULO III

DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

Capítulo I. Definición e estrutura da rede.

Artigo 11. Definición da rede.

1. A rede de bibliotecas públicas de Galicia é o conxunto organizado de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos de Galicia. Constitúe un subsistema operativo para o desenvolvemento e planificación da oferta bibliotecaria pública.
2. Forman parte da rede de bibliotecas públicas de Galicia:
 - a) As bibliotecas públicas de titularidade estatal ou autonómica, incluídas dentro do territorio de Galicia.
 - b) As bibliotecas de titularidade local dependentes de concellos ou entidades públicas locais galegas.
 - c) As bibliotecas de titularidade privada abertas ao público que sexan integradas na rede previa solicitude do titular mediante Orde da Consellaría competente en materia de cultura, que será publicada no Diario Oficial de Galicia. Consideraranse integradas as bibliotecas que reciban dos poderes públicos máis da metade do seu orzamento anual con cargo a axudas ou subvencións públicas durante tres anos consecutivos ou cinco alternos.
3. A rede de bibliotecas públicas de Galicia poderá dividirse en subredes, agrupadas polo seu ámbito territorial, funcional ou temático co obxecto de crear sinerxias e canles de coordinación da súa oferta bibliotecaria.

Artigo 12. Estrutura da rede.

1. A rede de bibliotecas públicas de Galicia terá a seguinte estrutura:
 - a) Bibliotecas centrais territoriais.
 - b) Bibliotecas centrais municipais.
 - c) Bibliotecas de proximidade
 - d) Servizos bibliotecarios móbiles.
2. O Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia determinará, en función de criterios obxectivos, a tipoloxía á que se adscribe cada biblioteca da rede.

Artigo 13. Bibliotecas centrais territoriais.

1. As bibliotecas centrais territoriais prestan servizos bibliotecarios integrais ao territorio no que están asentadas. Coordinan e prestan servizos comúns de asesoramento, empréstimo interbibliotecario e soporte técnico á rede de bibliotecas de ámbito inferior.
2. Por razóns de eficacia, as bibliotecas de ámbito inferior poderán encomendarlles aqueles aspectos materiais, técnicos ou de servizos propios da xestión bibliotecaria para os que carezan de medios técnicos idóneos para o seu desempeño, nos termos previstos no artigo 15 LPAC. Opcionalmente, poderán constituirse consorcios interadministrativos cando, para o desenvolvemento de actuacións e servizos bibliotecarios comúns, as administracións titulares estimen máis eficaz a creación dunha estrutura organizativa dotada de personalidade xurídica propia. Os estatutos do consorcio determinarán os seus fins e as particularidades do rexime orgánico, funcional e financeiro do mesmo, así como a proporción de participación dos integrantes do consorcio nos seus órganos de goberno.
3. Cada biblioteca central territorial deberá constituir un consello asesor e de participación, que terá como finalidade asesorar ás direccións das mesmas naqueles aspectos que atinxan ó seu papel coordinador da rede de bibliotecas de ámbito inferior que se integren no seu ámbito de actuación. Regulamentariamente se determinará a composición e competencias destes consellos

Artigo 14. Bibliotecas centrais municipais.

1. Os municipios de máis de 20.000 habitantes deberán prestar o servizo de biblioteca dun xeito descentralizado, a través dunha biblioteca central municipal, biblioteca de proximidade ou servizos bibliotecarios móbiles.
2. As bibliotecas centrais municipais coordinan as demais bibliotecas e os servizos bibliotecarios dixitais e móbiles do municipio, consonte o que estableza o Mapa de Bibliotecas Públicas, e prestaranlles asesoramento e apoio.

Artigo 15. Bibliotecas de proximidade.

1. As bibliotecas de proximidade son aquelas bibliotecas de titularidade municipal ou concertadas que cumpren as condicións necesarias para prestar o servizo de lectura pública nunha área determinada, e coordinan a súa actividade coa biblioteca central territorial ou a biblioteca central municipal correspondente.
2. Poderán realizarse concertos de bibliotecas de proximidade privadas mediante convenio de colaboración coas entidades e asociacións privadas que cumpran os criterios mínimos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 16. Servizos bibliotecarios móbiles.

Os núcleos de menor poboación poderán ser atendidos por servizos bibliotecarios móbiles, que dependen, da biblioteca central territorial ou da biblioteca central municipal máis próxima, e teñen como finalidade ofrecer o servizo de lectura pública en zonas onde non haxa punto de servizo fixo.

Capítulo II. Réxime de prestación dos servizos bibliotecarios.

Artigo 17. Definición das bibliotecas públicas integradas na Rede.

A biblioteca pública é un servizo público básico que ten como finalidade ofrecer á cidadanía, en condicións de igualdade, gratuidade e continuidade, o acceso a un conxunto organizado de fondos bibliográficos e recursos informativos que posibilitan a información, a educación e a cultura.

Artigo 18. Funcións das bibliotecas públicas.

As funcións das bibliotecas públicas son:

- a) Pór á disposición dos cidadáns os seus fondos bibliográficos e recursos informativos de maneira libre e gratuíta, mediante a súa consulta en sala, en rede, ou mediante o seu empréstimo nas súas diferentes modalidades. Consideraranse servizos básicos das bibliotecas os definidos como tais nos estándares internacionais e estatais da materia. Non obstante, os servizos bibliotecarios que impliquen un coste singularizado, tales como a reprografía, o empréstimo interbibliotecario e acceso a bases de datos, poderán ser obxecto de prezo público nos termos previstos legalmente.
- b) Ofrecer en empréstimo ou acceso electrónico unha ampla colección de carácter xeral que dea resposta ás necesidades formativas, estéticas e informativas da cidadanía. Porén, por razóns de seguridade e conservación debidamente motivadas, poderá limitarse o acceso a unha parte deses fondos.
- c) Atender ás específicas necesidades culturais das persoas e grupos nos que se integren, promocionando a diversidade cultural e atendendo ás variábeis de idade, sexo e discapacidade.
- d) Prestar un apoio activo específico á cultura e lingua propias de Galicia.
- e) Desenvolver actividades de creación ou difusión cultural.
- f) Recoller, manter e difundir unha colección de interese local e apoiar a creación cultural no seu territorio.

- g) Contribuir á creación dun espazo público de debate e educación social, que posibilite a normal expresión das liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas.
- h) Colaborar na elaboración e actualización permanente do catálogo colectivo bibliográfico de Galicia así como aqueles outros posibles instrumentos de acceso común á información bibliográfica ou de acceso ó documento

Artigo 19. Obrigas dos titulares de bibliotecas públicas.

1. Os titulares ou, no seu caso, os xestores das bibliotecas públicas integradas na rede deberán dotalas das instalacións, equipamento, mobiliario, fondos, persoal e orzamentos necesarios para o cumprimento eficaz das súas funcións e a satisfacción dos dereitos dos usuarios. A tal efecto, gozarán de autonomía para fixar a estrutura orgánica e funcional máis axeitada para a satisfacción das súas necesidades, nos termos previstos no presente título.
2. As bibliotecas integradas na rede terán o dereito e a obriga de instalar nun lugar visible da súa entrada o distintivo “Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia”.

Artigo 20. Réxime dos fondos bibliográficos

1. Constitúen os fondos bibliográficos das bibliotecas o patrimonio bibliográfico e demais material cultural adscritos ao servizo público bibliotecario. Os fondos terán a condición legal de bens móbeis de dominio público.
2. A adquisición de obras e demais material cultural para consulta e empréstito obedecerá a criterios profesionais, de fomento da diversidade cultural e satisfacción das demandas dos usuarios e usuarias.
3. Os centros adquirirán os seus fondos mediante procedementos transparentes e obxectivos, en base a criterios técnicos e profesionais e que garantan a maior rapidez e eficacia na satisfacción das demandas dos usuarios e usuarias.

Artigo 21. Dereitos e obrigas dos usuarios e usuarias do servizo bibliotecario público.

1. Os usuarios terán os seguintes dereitos:
 - a) A usar de maneira gratuíta os servizos básicos da biblioteca, sen prexuízo do establecido na disposición adicional primeira desta Lei e na restante lexislación vixente sobre propiedade intelectual.
 - b) A ter garantidos materiais e servizos adaptados a colectivos con discapacidades ou necesidades especiais.

- c) A ter un horario mínimo de prestación do servizo, que determinará para cada tipoloxía o Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- d) A disfrutar de actividades de animación á lectura nas instalacións dispostas ao efecto.
- e) A suxerir da biblioteca a adquisición de material cultural e recursos de información que satisfagan as súas necesidades culturais.

2. Os usuarios terán as seguintes obrigas:

- a) Observar o comportamento axeitado para o bo funcionamento da biblioteca.
- b) Respetar os dereitos dos demais usuarios da biblioteca, gardando o debido orde e compostura.
- c) Non facer uso dos servizos bibliotecarios para unha finalidade distinta que a que compite á tipoloxía da biblioteca
- d) Non sustraer os materiais e recursos da biblioteca e devolver os empréstados e non deteriorar o mobiliario e equipamento.

3. As bibliotecas públicas establecerán e difundirán en cartas de servizos públicas os servizos que se ofrecen, os dereitos e obrigas concretos dos usuarios, así como os mecanismos de avaliación dos resultados do servizo público bibliotecario.

Artigo 22. Normalización técnica.

As bibliotecas públicas aplicarán os procedementos e programas normalizados de xestión bibliotecaria que determine o órgano coordinador do sistema para garantir a máxima interoperabilidade e normalización técnica.

Artigo 23. Rexistro de bibliotecas e obriga estatística.

- 1. A Consellería competente en materia de cultura levará un rexistro permanentemente actualizado das bibliotecas integradas na Rede, e elaborará as estatísticas da lectura pública en Galicia.
- 2. As persoas titulares das bibliotecas da rede terán a obriga de proporcionar a información relevante sobre persoal, fondos, orzamentos, instalacións, servizos, número e tipoloxía de usuarios e, en xeral, todas aquelas operacións contidas nos plans estatísticos anuais da Xunta de Galicia.

Artigo 24. Inspección da Rede de Bibliotecas de Galicia

Todos os centros integrados na Rede de bibliotecas públicas teñen o deber de lle facilitaren á Xunta, a través do órgano de dirección e coordinación, a información que se lles solicite para comprobar o cumprimento da normativa vixente, e permitirán o acceso e a inspección da Xunta de Galicia.

Artigo 25. Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia.

1. O órgano de dirección e coordinación do sistema será o responsábel de elaborar o Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia, no que se identificarán os servizos bibliotecarios dispoñíbeis, as necesidades de lectura pública e se planificará o tipo de servizos que lle corresponderá a cada poboación conforme aos estándares internacionais e comunitarios.
2. O Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia será informado preceptivamente polo Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia. A súa aprobación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellaría competente en materia de cultura, e deberá ser actualizado polo menos cada catro anos.
3. O Mapa de Bibliotecas Públicas identificará e propondrá criterios, obxectivos e prioridades que serán considerados e poderán servir de base á Consellaría competente en materia cultural para realizar investimentos e outorgar axudas e subvencións de maneira directa ou en réxime de concorrència competitiva en materia de bibliotecas.

Artigo 26. Réxime xurídico dos bens inmóbeis destinados a biblioteca pública.

Decláranse de utilidade pública para os efectos da expropiación forzosa os edificios e terreos onde vaian ser instaladas dependencias de bibliotecas de titularidade pública. O recoñecemento en cada caso concreto dos bens e dereitos individualizados a expropiar será realizado por decreto da Xunta de Galicia. O recoñecemento poderá estenderse aos edificios e terreos contiguos cando así o requiran razóns de seguridade, funcionamento ou para facilitar a axeitada conservación dos inmobles ou dos bens que conteñan.

Artigo 27. Dotación e selección de persoal ao servizo das bibliotecas da Rede.

1. Todas as bibliotecas integradas na Rede deberán contar co persoal técnico cualificado no ámbito da biblioteconomía e a documentación, en número suficiente para atender as distintas áreas funcionais, e co persoal doutras categorías profesionais necesarios para o cumprimento dos fins e funcións da biblioteca. Os estándares de persoal serán fixados polo Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia.
2. As bases das convocatorias de acceso ás categorías de persoal cualificado das Bibliotecas da Rede deberán ser informadas con carácter preceptivo pola Consellaría competente en materia de cultura. Asimismo, os tribunais de selección deberán incluír unha persoa nomeada polo órgano de dirección e coordinación.

TÍTULO IV

DAS BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS, ESCOLARES E ESPECIALIZADAS

Artigo 28. Bibliotecas universitarias

1. As bibliotecas universitarias son centros de recursos para a aprendizaxe, a docencia, a investigación e as actividades relacionadas co funcionamento e a xestión do ensino superior, que ten como funcións facilitar o acceso e a difusión dos recursos de información e colaborar nos procesos de creación do coñecemento, co fin de contribuír á consecución dos obxectivos da universidade.
2. As bibliotecas universitarias recollen fondos bibliográficos especializados, e prestan servizos aos membros da comunidade universitaria e, coa autorización previa do centro correspondente, aos particulares que o soliciten.
3. As bibliotecas universitarias coordinaranse co resto do sistema bibliotecario a través da Biblioteca de Galicia no ámbito dos procesos técnicos, a dixitalización e a protección dos fondos de especial valor cultural para Galicia, sen prexuízo doutras formas de cooperación que podan establecerse mediante convenio con outras bibliotecas para servizos comúns.

Artigo 29. Bibliotecas escolares.

1. A Biblioteca escolar constitúe un recurso do centro educativo ao servizo dos procesos de ensino e aprendizaxe e do fomento da lectura.
2. A biblioteca escolar organiza e pon ao servizo de toda a comunidade escolar os fondos documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual, multimedia ou calquera outro soporte ou medio de transmisión de contidos culturais ou informativos.
3. As súas funcións son: realizar a xestión técnica dos fondos documentais, segundo criterios estandarizados e adaptados ás características dos centros educativos; facilitar a formación de usuarios no uso da biblioteca e en educación documental, favorecer o acceso aos bens culturais e o fomento da lectura.
4. Todos os centros de ensino non universitario organizarán a súa biblioteca escolar, segundo as pautas que sobre a xestión técnica, programación de actividades, persoal, horarios, organización e financiamento se establezan mediante a normativa específica.
5. As bibliotecas escolares cooperarán coa rede de bibliotecas públicas, especialmente coa biblioteca ou bibliotecas da súa área de referencia, na creación e consolidación de dos hábitos de lectura, e na formación para o acceso á información, no marco do Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Artigo 30. Bibliotecas especializadas

1. Son bibliotecas especializadas as bibliotecas que conteñan un fondo centrado, principalmente, nun campo específico do coñecemento.
2. As bibliotecas especializadas, que poden ser de titularidade pública ou privada, prestan un servizo público coas restricións que lles son propias, e coordínanse co resto do Sistema Bibliotecario nos termos que establece o artigo 28.3 para as bibliotecas universitarias.
3. As bibliotecas especializadas dependentes da consellería competente en materia de cultura recibirán da Biblioteca de Galicia especial atención no ámbito da normalización e procesos técnicos, a dixitalización e a protección dos fondos de especial valor cultural para Galicia, sen prexuízo da súa xestión por parte do órgano competente en materia de Patrimonio Cultural. Estes centros terán a mesma consideración que os integrantes da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia no referente a formación do seu persoal, dixitalización e informatización.

TÍTULO V

DO PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO DE GALICIA

Artigo 31. Definición do patrimonio bibliográfico de Galicia.

1. Forman parte do patrimonio bibliográfico de Galicia os bens seguintes, con independencia da súa titularidade ou da súa ubicación en bibliotecas públicas ou privadas:

- a) Por ministerio da Lei, as obras literarias, históricas, científicas ou artísticas publicadas en calquera soporte ou producidas para a súa difusión, xa sexan unitarias ou seriadas, así como os fondos e coleccións bibliográficas, cuxa antigüidade sexa superior a cen anos, ou das que non conste polo menos a existencia de tres exemplares en bibliotecas e servizos públicos de Galicia. Estas obras terán a consideración legal de bens móbeis de interese cultural aos efectos de aplicación do seu réxime protector.
- b) As obras, fondos e coleccións bibliográficas de especial interese para Galicia que, sen cumprir os requisitos anteriores, poidan ser declarados ben de interese cultural ou bens catalogados en función da súa relevancia cultural.

2. O procedemento de declaración de ben bibliográfico de especial interese para Galicia nas categorías de ben de interese cultural ou catalogado ou inventariado axustarase aos procedementos establecidos na normativa autonómica de patrimonio cultural. Non obstante, a competencia para iniciar o procedemento será exercida polo centro directivo competente en materia de libro e bibliotecas.

Artigo 32. Réxime xurídico.

1. Os titulares de bens integrantes do patrimonio bibliográfico de Galicia ou de especial interese para Galicia estarán obrigados a colaborar coa Biblioteca de Galicia na súa identificación e inclusión no catálogo do patrimonio bibliográfico galego.

2. Asemade, os seus titulares estarán obrigados a permitir o acceso e inspección dos funcionarios do órgano de dirección e coordinación do sistema aos efectos de comprobación do cumprimento das obrigas previstas na presente Lei.

3. O patrimonio bibliográfico de Galicia rexerese polas disposicións contidas neste título. No non previsto nel será de aplicación supletoria o réxime previsto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia para os bens móbeis, conforme ao criterio de maior protección.

4. Os bens integrantes do patrimonio bibliográfico serán obxecto de inscrición no catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico.

Artigo 33. Adquisición pública de patrimonio bibliográfico

1. Calquera venta de bens integrantes do patrimonio bibliográfico de Galicia estará sometida ao dereito de tanteo e retracto previsto na Lei de Patrimonio Cultural. O procedemento de exercicio de tanteo ou retracto será iniciado polo órgano competente en materia do libro e bibliotecas, e axustarase ás dispoñibilidades orzamentarias correntes ou de futuros da Xunta de Galicia.
2. Coa finalidade de acrecentamento e enriquecemento do patrimonio bibliográfico de Galicia, así como dos seus fondos e coleccións bibliográficas, a Biblioteca de Galicia presentará propostas singularizadas de compra-venta de bens constituíntes de patrimonio que serán sometidas a informe da Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, sen prexuízo das medidas de carácter económico-administrativas que se arbitren para permitir a adquisición inmediata de bens por motivos de salvagarda ou de urxencia.
3. As ofertas de compra-venta a instancias de terceiros deberán axustarse en todo caso á normativa de aplicación para o comercio e o tráfico de bens culturais.
4. Os fondos e coleccións bibliográficas resultantes de ab intestatos a favor da Comunidade Autónoma serán depositados na Biblioteca de Galicia, sen prexuízo da súa posterior ubicación noutras bibliotecas públicas en atención a criterios de interese público.

Artigo 34. Depósitos.

1. Coa finalidade de propiciar o acceso de todos á cultura, a Biblioteca de Galicia desenvolverá unha política específica de estímulo dos depósitos voluntarios de bens integrantes do patrimonio bibliográfico de Galicia, conforme a súa capacidade de custodia e acceso. Estes depósitos deberán ser informados preceptivamente polo persoal técnico da Biblioteca acerca da súa idoneidade e interese para o centro, e deberá contar con informe igualmente preceptivo da Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia respecto o valor do fondo.
2. Os depósitos voluntarios de bens do patrimonio cultural de Galicia instrumentaranse mediante convenios con persoas físicas ou xurídicas, nos que se regularán axeitadamente as obrigas e deberes de ambas as partes e as fórmulas de colaboración para a consecución do interese común de acceso á cultura. Estes convenios rexeranse pola presente Lei e, supletoriamente, polo Código Civil.
3. A Biblioteca de Galicia poderá recibir depósitos xudiciais, que quedan excluídos da regulación contida neste artigo, sen prexuízo da obriga de custodia e de aquelas outras obrigas esixibles pola lexislación vixente.

4. Cando os propietarios ou titulares de dereitos reais sobre bens mobles integrantes do patrimonio bibliográfico galego non executen as actuacións esixidas para a súa conservación, mantemento e custodia, a Consellería competente en materia de patrimonio cultural poderá ordenar, previa audiencia do interesado, o seu depósito na Biblioteca de Galicia en tanto no desaparezan as causas que orixinaron dita actuación.

Artigo 35. Doazóns e legados

A administración autonómica poderá aceptar, con destino á Biblioteca de Galicia, doazóns ou legados consistentes en bens do patrimonio bibliográfico galego. Estes donativos ou legados, previo informe favorable da Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia e do organismo económico-administrativo competente, poderán gozar, se é o caso, das exencións e beneficios tributarios previstos na lexislación de aplicación.

Artigo 36. Saída de obras do patrimonio bibliográfico

1. Calquera saída de bens do patrimonio bibliográfico galego dos centros integrados na rede de bibliotecas públicas de Galicia deberá ser previamente autorizada pola Consellería competente en materia de patrimonio cultural. A saída dun ben cultural do centro que ostente a súa custodia estará sempre condicionada á esixencia de garantir unhas perfectas condicións de conservación e seguridade durante o traslado e no seu destino temporal, así como á subscrición da correspondente póliza de seguro.
2. Para a saída de fondos custodiados en calidade de depósito, os centros deberán aterse, en todo caso, ao estipulado no documento que regula especificamente tal situación xurídica.

Artigo 37. Da restauración e dixitalización do patrimonio bibliográfico.

A restauración de bens integrantes do patrimonio bibliográfico galego requirirá a autorización previa da Consellería competente en materia de cultura, que establecerá os estándares técnicos axeitados. No caso dos fondos propios custodiados en bibliotecas de titularidade ou xestión autonómica, dita autorización se considera implícita na aprobación da súa programación anual.

TÍTULO VI

RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 38. Infraccións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de bibliotecas as accións e omisións que se tipifican neste título.
2. As normas de desenvolvemento da lei poderán concretar, de acordo cos seus elementos esenciais, os tipos infractores regulados no presente título, sen que aqueles poidan, en ningún caso, afectar á natureza ou aos límites das sancións establecidas nesta lei.
3. Cando a acción ou omisión vulnere o réxime específico de protección outorgado aos bens culturais pola lexislación reguladora do patrimonio cultural de Galicia, aplicarase o réxime de infraccións e sancións previstos nela.

Artigo 39. Infraccións leves

Constitúen infraccións leves as seguintes accións ou omisións:

- a) A sustracción ilícita de materiais e recursos de información das bibliotecas.
- b) O deterioramento culposo ou doloso do mobiliario da biblioteca, dos seus materiais e recursos de información, así como do inmovible no que se ubique a biblioteca.
- c) As intervencións de restauración de patrimonio bibliográfico realizadas sen autorización da consellería competente en materia de cultura.
- d) O incumprimento inxustificado de deber de permitir o acceso dos usuarios para a consulta e estudo dos fondos das bibliotecas.

Artigo 40. Infraccións graves

Terán a consideración de infraccións graves:

- a) A negativa ou obstrución á actividade inspectora da consellería competente en materia de bibliotecas.
- b) A sustracción reiterada de materiais e recursos de información das bibliotecas.
- c) A sustracción de bens integrantes do patrimonio bibliográfico.
- d) A saída de bens do patrimonio bibliográfico galego sen autorización da consellería competente en materia de cultura.
- e) O incumprimento das obrigas de depósito legal ou das ordes de depósito forzoso.

- f) A realización de reproducións de fondos bibliográficos de titularidade autonómica sen autorización ou con incumprimento das condicións establecidas pola consellería competente en materia de cultura

Artigo 41. Infraccións moi graves

Terán a consideración de infraccións moi graves as accións ou omisións que vulneren as prescricións establecidas nesta lei e impliquen danos irreparables ou a perda total ou parcial dos bens do patrimonio bibliográfico de Galicia.

Artigo 42. Responsabilidade das infraccións

1. Son responsables de infracción, aínda a título de mera inobservancia, as persoas físicas ou xurídicas que realicen as accións ou omisións tipificadas na presente lei.
2. Os titulares das bibliotecas serán responsables solidarios das infraccións cometidas polo seu persoal ou por outras persoas vinculadas á biblioteca por calquera outro título.

Artigo 43. Sancións

1. As infraccións previstas nesta lei darán lugar a imposición das seguintes multas:
Infraccións leves: sanción de ata 6.000€
Infraccións graves: sanción dende 6.001€ ata 60.000 €
Infraccións moi graves: sanción de 60.001 € ata 150.000 €.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a contía da sanción non poderá ser en ningún caso inferior ao beneficio obtido como resultado da actuación infractora.
3. A gradación das multas deberá considerar as circunstancias agravantes ou atenuantes que concorran así como a existencia de intencionalidade e natureza ou importancia do dano ou prexuízo causado.
4. A resolución sancionadora, ademais de impoñer as multas que procedan, disporá todo o necesario para a restauración da legalidade vulnerada pola conduta obxecto do expediente sancionador.

Artigo 44 Órganos competentes

1. A competencia para a imposición das sancións previstas no artigo anterior correspóndelle:

- a. Ao director xeral de Promoción e Difusión Cultural: sancións de ata 6.000€.
 - b. O conselleiro de Cultura: sancións comprendidas entre 6.001€ ata 60.000€
 - c. Ao Consello da Xunta de Galicia: sancións superiores a 60.001€
2. A Consellería competente en materia de cultura, sen prexuízo do disposto no presente artigo, emprenderá de oficio perante a fiscalía ou os órganos xurisdicionais competentes as accións penais que corresponden polos actos delictuosos en que puideren incurrir os infractores.

Artigo 45. Procedemento

1. A iniciación do procedemento sancionador, sen prexuízo da superior autoridade do conselleiro, realizarase por resolución da Dirección Xeral de Promoción e Difusión Cultural, de oficio ou logo de denuncia de parte.
2. A tramitación do expediente sancionador, no que, en todo caso, se lle dará audiencia ao interesado, rexerese polo disposto no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 46. Prescricións de infraccións e sancións

1. As infraccións administrativas prescribirán aos dez anos de se cometeren ou descubriren no caso das moi graves, e aos cinco anos nos demais supostos.
2. As sancións prescribirán aos cinco anos no caso das moi graves e aos dous anos no demais supostos.
3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese ou descubriese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.
4. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. Dereitos derivados da propiedade intelectual.

1. Os titulares dos dereitos de autor non poderán oporse ás reproducións das súas obras, cando se realicen sen finalidade lucrativa por bibliotecas de titularidade pública ou integradas en institucións de carácter cultural ou científico e a reprodución se realice exclusivamente para fins de consulta, investigación ou conservación.
2. As bibliotecas de titularidade pública ou que pertencen a entidades de interese xeral de carácter cultural, científico ou educativo sen ánimo de lucro, ou a institucións docentes integradas no sistema educativo galego, non precisarán autorización dos titulares de dereitos polos empréstitos que realicen.
3. Os titulares destes establecementos remunerarán aos autores polos empréstitos que realicen das súas obras na contía que se determine mediante Real Decreto, nos termos previstos na lexislación estatal básica. A remuneración fíxase efectiva ao través das entidades de xestión dos dereitos de propiedade intelectual.
4. A administración xeral do Estado, a Comunidade Autónoma Galega e as Corporacións Locais poderán acordar os mecanismos de colaboración necesarios para o cumprimento das obrigas de remuneración que afectan a establecementos de titularidade pública.
5. Non necesitará autorización do autor a comunicación de obras ou a súa posta á disposición de persoas concretas do público a efectos de investigación cando se realice mediante rede cerrada e interna a través de terminais especializados instalados a tal efecto nas bibliotecas, e sempre que tais obras figuren nos seus fondos e non sexan obxecto de condicións de adquisición ou licenza. Todo isto, sen prexuízo do dereito do autor a percibir a remuneración equitativa que procede legalmente para satisfacer os seus dereitos patrimoniais.

Disposición adicional segunda. Patrimonio bibliográfico da Igrexa Católica.

1. Para a aplicación desta lei e as súas disposicións de desenvolvemento ao patrimonio bibliográfico de interese galego de titularidade da Igrexa católica ou doutras confesións relixiosas, estarase ao disposto nos convenios entre o Estado español e aquelas.
2. Non obstante, a Igrexa Católica estará obrigada a protexer, coidar, notificar a existencia e permitir o acceso aos inspectores e aos investigadores do patrimonio bibliográfico galego que obre no seu poder.
3. En función das dispoñibilidades orzamentarias, a Consellería competente en materia cultural poderá establecer convenios específicos para conservar, catalogar e describir,

dixitalizar e pór á disposición dos cidadáns os fondos bibliográficos da Igrexa Católica a través da Biblioteca de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia aprobarase no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor da presente Lei.

DISPOSICIÓN DERROGATORIAS

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan total ou parcialmente ao contemplado na presente lei e en particular a Lei 14/1989. Non obstante, namentres non se desenvolva regulamentariamente esta Lei, permanecerán en vigor as disposicións regulamentarias ditas ao abeiro da Lei 14/1989, en todo o que non sexa contrario á presente Lei.

Queda derogado o Título VI da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Disposición derradeira primeira

Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Cultura e Turismo, para ditar as normas regulamentarias expresamente previstas nesta lei e cantas outras sexan necesarias para o seu cumprimento.

Disposición derradeira segunda

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.